

Para Manuel Rodríguez, sempre presente.

E o Capital burlento
tirou das sudes
rentabres dividendos.

De Soldada mínima

Canto de vivos están neste iniciado século XXI os versos de Manuel Rodríguez. A súa voz dos traballadores, da historia de noso, da terra de noso, dos carballos, a súa voz pola lingua, polo pobo galego, segue tan esperta e actual, coma cando el me contaba e plantaba en min aínda máis amor por esta nación marabillosa que o chora por non estar connosco, pero que segue presente nas súas letras, na súa presenza vívida en cada verso, en cada liña que nos deixou.

Convivín con el aló polos inicios dos oitenta, eu estudante de Filoloxía no Colexio Universitario paraba na pensión dos seus sogros na rúa Doutor Castro. Xa estaba eu aló cando se instalou en Lugo con Irene e Santiago chegados de Barcelona.

Se xa en min latexaba o sentido da nación galega sementada dende a miña aldea, dende a querencia pola nosa lingua e cultura, el fertilizou abondoso a semente en longas conversas na cociña da casa que foron pousando naquel rapaz que eu era. Aquel seu maxisterio traducido nos seus versos:

Érguete!

Esfrega os ollos e arreponde baril!

Calca forte e altivo polos teus vieiros!

Faite irmandiño defensor da fala dos avós!

Nunca esqueceré o agarimo con que me tratou aquela familia coa que vivín anos decisivos na miña formación. Os coidados e a comida de Irene, a amizade co seu fillo Santiago e aquelas partidas de pin-pon improvisadas coas mesas do comedor! Pero sobre todo as conversas pausadas, intensas, sobre este o noso país con Manuel. Que magníficas leccións!

Por iso a miña emoción constante cando del se trata. Sempre con nós, Manuel Rodríguez!

Antón Bao